



OFELIA CARDO

**ESQUECER
ATA
ESVAECER**

10 xuño_10 xullo_2019

REDE MUSEÍSTICA PROVINCIAL

Museo Provincial de Lugo
Museo Fortaleza de San Paio de Narla
Museo Provincial do Mar
Museo Pazo de Tor

OFELIA CARDO



Arrastrada. 2016

Esquecer ata esvaecer é un proxecto artístico que se presenta na Rede Museística de Lugo. É a continuación de “**Faltarme el suelo**”, un proxecto que pretende poñer en contacto, a través das obras expostas, os traumas familiares non elaborados e xerados pola Guerra Civil Española.

O motivo deste proxecto foi o encontro coas camisas do avó, morto na guerra, que sacou á luz a historia familiar. Un tema do que nunca se falaba. É por iso que agora, ao atopar estas pezas do pasado, asalta a dúbida de como chegamos a estar tan illados desa parte tan importante de nós mesmos. Esta desconexión entre o pasado e o presente, unida ao non nomeado pero latente na nosa historia persoal, é o que motiva este traballo.

O título alude ao esquecemento e o esvaecemento dos records, no sentido da perda da transmisión de acontecementos. Con eles pérdese a posibilidade da restitución desa parte de nós mesmos, do coñecemento de saber como estamos constituídos. Tamén se refire á morte da xeración que o viviu e do/as fillo/as que están a piques de desaparecer. Mortos dúas veces, na guerra e na represión coa imposición do silencio e a desmemoria.

A construción simbólica do exposto elabórase mediante o enfrontamento que supón a caída do mundo no que se vivía. Un mesmo corpo que golpea as súas mans, a dereita contra a esquerda. O corpo construído unhas veces con tecidos como feltro ou xerseis xa elaborados e outras veces coas propias camisas do avó. Un corpo tenso e esgotado, que se arrastra polo chan e que ten as extremidades inseridas no formigón. As mans apesadas e a voz afogada, o meu pesar, abatida, de esguello, a espera, son algúns dos títulos das pezas que conforman “**Esquecer ata desvaecer**”. Unha reconstrución subxectiva que agarda escondida nos caixóns á espera de frear o triunfo da desactivación que logrou o esquecemento.

BIOGRAFÍA

www.ofeliacardo.com

Estudos de Belas Artes nas universidades de Valencia e Pontevedra. Profesora na EASD, Escola de Arte Superior e Deseño, Antonio Faílde Ourense. Beca 12miradas::Riverside, Taller con Joan Fontcuberta. Biennial de Mislata Miquel Navarro 2018, Premis d’Art Públic. Mislata, Valencia.

Realizou diferentes exposicións individuais como: **Faltarme suelo**, Librería Contrabandos, Madrid, 2018. **Lastrar los ojos**, Fundación Antonio Pérez, Cuenca, 2017. **Soplo roto**, Take Away Contemporary Art, Peñíscola, Castellón, 2015. **A un lado e a outro**, Museo Municipal de Ourense, 2013. **Cuerpo domado**, Centro Cultural Diputación de Ourense, 2009. **Mostra joves creadors de L’horta**, Quart de Poblet, Valencia, 2001, **El árbol caído**, Centro cultural de Mislata, Valencia 2000, **Vegetando**, Librería Eixo. Ourense, 2000.

Entre as exposicións colectivas destaca:

Aoutorretrato, Centro Cultural Marcos Valcarcel, 2018, **Fondos**. Colección Permanente. Museo de Fotografía. Huete, 2017. **XV Bienal Internacional de Arte**, Vila Nova de Cerveira, Portugal, 2009, **Cociñarte Casa da Xuventude**, Ourense, 2009. **Zona de Exclusión**, Vila Nova de Cerveira y Oporto, Portugal, 2004, **3rd International Student Trienal**, Estambul, Turquía, 2003. **Prefijo 96**, Galería Edgar Neville, Alfafar, Valencia, 1994.